

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES de Chapela	Redondela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abriu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo adoitando diferentes roles dentro deste.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzanse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Nesta programación para 2º curso de ESO concrépanse uns obxectivos, contidos e criterios de avaliación articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos artículanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción", contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica», co que se pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, como do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas», aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 2º curso de ESO, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; asentar os principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; comprender e respectar as normas básicas da actuación en público e asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicais e dancísticas da nosa comunidade así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para seguir traballando moitos dos contidos non só na unidade na que se presentan por primeira vez, senón para que estes contidos sigan aparecendo nas seguintes unidades e sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos, e imos construindo a sintaxe musical manexando os conceptos previos dos que partimos e construindo sobre estes novas estruturas máis complexas a través do aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber

poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través de experiencia podemos comprender o mundo en sí da música, os contidos, o traballo en equipo, de perseveranza, de autonomía e de compromiso cos demais, que supón subirse a un escenario a estrenar un proxecto, e a esa experiencia é a que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A linguaxe musical e a súa representación gráfica.	Unidade sobre os elementos básicos da linguaxe musical (son, silencio, ritmo) e a súa grafía (notas, figuras, silencios, clave	25	16	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A linguaxe musical e a súa representación gráfica.	de sol...) facendo unha avaliación diagnóstica dos contidos que interiorizou o alumnado na educación primaria e ampliándoos ata chegar ás nocións básicas de melodía harmonía e textura dunha obra musical.	25	16	X	X	X
2	O timbre na música. A voz e os instrumentos.	A voz humana, e polo tanto o canto, é a forma máis natural e completa de expresión musical. Cada voz é única e inimitable, e consegue mover as emocións do ser humano. Nesta unidade aprenderemos como funciona o noso corpo para producir a voz e o canto, así como a clasificación das distintas voces segundo a súa tesitura e as principais agrupacións ao longo da historia. Tamén as familias instrumentais (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos) centrándonos principalmente nos instrumentos Orff e da tradición musical Occidental Europea e as principais agrupacións desta, así como a súa evolución (tríos, cuartetos, quintetos, a orquestra e a súa evolución na historia) e presentando algúns instrumentos propios doutras culturas e das músicas populares e urbanas.	20	14	X	X	X
3	Interpretación guiada e libre.	Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio propio e doutras culturas.	25	16		X	X
4	Historia da Música Galega. Músicas e Danzas.	A música e a danza tradicional e popular en Galicia ten peculiaridades que a diferencian das músicas do resto do país e do mundo, por iso cómpre escoitalas, analízalas e estudalas xa que son as músicas da nosa contorna. Ademais eses trazos específicos da nosa cultura musical e dancística inflúen e mesturanse na actualidade con outros estilos que están presentes en todo o mundo a través da globalización como a música clásica contemporánea, o jazz e os estilos urbanos. Así nesta unidade descubriremos ademais do noso folclore e tradición, as fusións entre este e outras músicas coñecendo outros estilos, artistas e agrupacións actuais que interpretan jazz, rock e pop... feitos en Galicia.	20	14		X	X
5	Achegamento aos distintos estilos musicais.	Nesta unidade pretendemos achegarnos ás principais correntes da música actual analizando e comprendendo as súas características, e desenvolvendo as súas características, e a capacidade crítica no alumnado co fin de fomentar un consumo	10	10		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Achegamento aos distintos estilos musicais.	consciente e responsable da música. Polo tanto estudaremos algunhas músicas de España e do mundo co fin de apreciar as súas características e as similitudes e diferenzas entre todas elas así como a súa importancia e influencia nas músicas actuais.	10	10		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A linguaxe musical e a súa representación gráfica.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	ILer e analizar distintos tipos de partituras sinxelas como apoio a audición	PE	50
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Recoñecer elementos básicos da linguaxe musical: notas, figuras, silencios, compás ...		
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar e describir os diferentes instrumentos, voces e as súas agrupacións .	TI	50
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Identifica situacións do ámbito cotiá nas que se produce un uso indiscriminado do son analizando causas e propoñendo solucións. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer auditivamente distintas obras musicais escoitadas previamente na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita.
- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	O timbre na música. A voz e os instrumentos.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Recoñecer distintos tipos de voces e instrumentos nunha obra musical e as súas agrupacións.	TI	100
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Identificar os sentimentos e emocións que nos suxira a escoita de distintos instrumentos e voces nas obras musicais propostas.		
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións dos compañeiros e gardar silencio nos momentos nos que os demais estean formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con distintos instrumentos Orff e a fruta distintas pezas musicais de xeito individual e grupal vencendo o medo escénico e cunha actitude de respecto cara aos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Traballar distintas cantigas galegas a través da voz ,do corpo e dos instrumentos de maneira individual e en grupo		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os principais instrumentos da música galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.

UD	Título da UD	Duración
3	Interpretación guiada e libre.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Distinguir e empregar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol;duración das figuras ;signos que afectan a intensidade e matices,; ndicaciones rítmicas e de tempo.	PE	20
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Interpretar estruturas musicais de nivel rítmico y melódico elemental respetando as produccions dos compañeiros/as e explorando as posibilidades de distintas fontes e obxetos sonoros.		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar cun vocabulario axeitado as ideas, sentimentos e emocións suxeridos polas obras e exercicios traballados nesta unidade segundo a sucesión e tipos de acordes escoitados.	TI	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Entender e apreciar la importancia do silencio como punto de partida para unha audición.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Realización de xogos ritmicos sinxelos empregando a voz , o corpo e distintos instrumentos musicais .Práctica por imitación de patrones rítmicos sencillos.		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	.Poñer en práctica as técnicas de control de emocións a hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e recoñecer(visual e auditiva) nas partituras traballadas diferentes ritmos e compases simples		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar vocal ou instrumentalmente con corrección as pezas propostas nesta unidade, con especial atención á afinación dos acordes nas pezas a 3 ou máis voces.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar pezas sinxelas individuais e grupais de diferentes lugares do mundo.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Participar da planificación e posta en práctica de distintas orquestacións de pezas sinxelas empregando medios audio visuais e tecnoloxías dixitais.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear e executar pezas galegas sinxelas partindo da escoita de distintos modelos base:muiñeira,alborada,alalá e foliada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita. - Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación. - Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

UD	Título da UD	Duración
4	Historia da Música Galega. Músicas e Danzas.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes texturas e formas estudadas e encadralas na época histórica axeitada	TI	100
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Escoitar diferentes pezas musicais da nosa cultura e tratar de explicar cun vocabulario adecuado os sentimentos que nos suxiren.		
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer auditivamente e na lectura de partituras sinxelas traballadas da nosa cultura elementos básicos da linguaxe musical(notas ,compases,figuras...)		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler partituras sinxelas identificando elementos estudados (signos de prolongación, acordes..)		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Planificar orquestacións empregando medios musicais e ferramentas dixitais.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar diferentes pezas sinxelas galegas.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Escoitar diferentes pezas galegas e valorar a nosa cultura musical		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as diferenzas entre as formas musicais da música clásica ou culta e as formas musicais da música da nosa cultura.		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Recoñecer en distintas audicións os trazos identificativos da música galega: melodías, instrumentación, formas tradicionais lingua galega...		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Acompañar diferentes composicións musicais sinxelas utilizando instrumentos populares : pandeireta e cunchas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.

Contidos

- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.

UD	Título da UD	Duración
5	Achegamento aos distintos estilos musicais.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os diferentes instrumentos e agrupacións e clasificalos por familias e época correspondente.	PE	50
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as características técnicas específicas dos diferentes instrumentos musicais estudados da orquestra clásica.		
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre os diferentes timbres instrumentais traballados nesta unidade.	TI	50
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Valorar a importancia do silencio na escoita de diferentes estilos musicais		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Planificar proposta musical con un equipo de beatboxer empregando ferramentas dixitais.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Mostrar respecto cara os instrumentos e agrupacións traballados valorando a súa importancia e influencia nas músicas actuais.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar pezas sinxelas de distintos estilos musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana. - Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración. - Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras. - As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación. - Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partindo dos referentes da pedagogía musical (Orff, Kodaly, Willems, Dalcroze, Wuytack, Dalcroze...) o uso da voz, dos instrumentos, e do movemento corporal, sempre foron o referente constante na metodoloxía deste Departamento. Así mesmo a participación activa na actividade musical é o noso procedemento fundamental de ensino. Un ensino de nocións puramente teóricas desconectadas desta realidade, tende a apartar a arte da súa verdadeira misión. Calquera resultado, por brillante que sexa aparentemente, fracasará se se descoida o afeccionar ao alumnado á música de maneira auténtica.

Partindo desta realidade, a audición activa e analítica constitúe un segundo paso no achegamento á música para por último comprender e verbalizar conceptos teóricos e abstractos sobre a arte musical. Non desbotamos con isto as clases teóricas, o estudo da linguaxe e a notación musical, os contextos nos que xorden as nosas músicas, pero estes só poden ser apreñados logo de ser practicados e escoitados.

En todo caso partiremos do nivel de desenvolvemento do noso alumnado para construír aprendizaxes que estimulen o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas. Facilitaranse oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos para que o educando poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido tentando que o proceso de aprendizaxe sexa cada vez máis autónomo. Favorecerase o traballo colaborativo e grupal facendo que o feito musical sexa relevante para a comunidade educativa e para o contorno social.

No tratamento dos contidos teóricos da materia buscarase unha aprendizaxe por descubrimento: a base e observar e rexistrar información de forma sistemática. Non se trata de proporcionar directamente os coñecementos, senón de ensinalles a manexar os que xa saben, para que descubran, coa axuda do profesorado outras cousas.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os

critérios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, proponendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e componse etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introdutorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos dotación de aula
EDIXGAL
Aula Virtual
Programa de edición de partituras
Programa de edición de audio

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc, todo nunha aula insonorizada con ordenador, proxector e equipo de música, e teclado Clavinova.

Edixgal e Aula virtual: todos os recursos e actividades postos a disposición nestes entornos.

Programas de edición de partituras e audio.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No caso de 2º ESO recibimos por primeira vez ao alumnado na Aula de Música, xa que no 1º curso de ESO a materia de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia. Este alumnado vén coa experiencia musical da primaria. Nas primeiras semanas de clase realízase con eles unha sinxela avaliación inicial consistente en cuestionarios sobre gustos musicais, experiencias musicais á marxe da aula... que tratan de obter información sobre cada alumno e alumna de cara ao comezo das clases. Non vemos necesario realizar unha proba formal, propiamente dita, xa que o propio nivel de 2º ESO é ben básico e de iniciación.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo axudará a completar a información e poñela en común.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	20	25	20	10	100
Proba escrita	50	0	20	0	50	22
Táboa de indicadores	50	100	80	100	50	78

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Ao alumnado de 2º ESO seralle comunicado que os criterios sobre a avaliación do seu curso son os que seguen:

Actitude: asistencia a clase, comportamento, atención, participación, esforzo, entregade traballos, confección do caderno de clase.

Audición-Teoría: identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical empregando a linguaxe apropiada. Recoñecer auditivamente e determinar os estilos e as épocas ás que pertencen as distintas pezas. Comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as músicas escoitadas.

Interpretación: desenvolver interpretacións de xeito grupal e individual, a nivel instrumental, vocal ou de movemento, lendo axeitadamente as grafías musicais necesarias e respectando as pautas básicas de interpretación.

Cada un destes criterios terá un peso na nota de avaliación dun 33%, e a nota final do curso recollerá a media do realizado nas tres avaliacións.

A nota do apartado actitude sairá da observación e posterior rexistro en clase dos distintos aspectos valorados. Nalgún caso farase uso da técnica de pregunta en clase e posterior anotación, para puntuar o caderno de clase ou a confección de traballos. Cada aspecto dos recollidos terá un peso de 1/8, salvo o esforzo, 2/8.

A nota de audición-teoría sairá de probas escritas, centradas en preguntas sobre audicións e tamén baseadas en cuestións de carácter máis teórico. Tentará facerse un mínimo de dúas por trimestre en cada apartado, puntuadas de 0 a 10 con decimais.

A interpretación será valorada ao igual que a actitude, con números enteiros.

Só superará a materia aqueles alumnos e alumnas que sumen 15 ou máis puntos na avaliación final, é dicir, unha media de 5. Cando a nota de cada avaliación ou final teña decimais, redondearase segundo establece o procedemento matemático.

Criterios de recuperación:

O alumnado que a principios de xuño teña unha cualificación inferior a 5 na media dos tres trimestres, poderá realizar actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos non superados. As actividades corresponderán a contidos non superados e poderán ser de dous tipos: 1. Actividades novas deseñadas para tal fin se o alumnado realizou as previas ata ese momento e non as superou. O seu deseño responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada. 2. Actividades realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas. Moitos contidos abordados na materia son progresivos e a súa superación ao final de curso implica a súa consecución. É por isto que non se establece un mecanismo de recuperación por avaliación, e só rematando o curso.

- Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: O profesorado informará o alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e dunha avaliación final que coincidirá coa terceira, seguindo os criterios de cualificación da programación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En todos os casos nos que haxa alumnado que pasa de 2º a 3º coa materia suspensa, insistirase nos contidos do curso anterior. Haberá dous parciais de avaliación coas datas sinaladas a continuación:

1º PARCIAL: Martes, 16 de Xaneiro de 2024 - 16:00

2º PARCIAL: Martes, 16 de Abril de 2024 - 16:00

Co obxecto de preparar cada parcial o profesor entregarlle ao alumnado unha serie de actividades referidas á materia correspondente a ese parcial. Estas actividades deben ser realizadas antes da data do exame. A práctica totalidade das preguntas das probas escritas serán semellantes ou modelos moi próximos aos das actividades propostas. Habilitarase un curso específico na plataforma EDIXGAL para o seguimento de tarefas e actividades, e para a consulta de apuntamentos sobre a materia.

A avaliación do traballo feito nas actividades dará lugar a unha valoración positiva podendo chegar a ser de ata 1 punto. A avaliación da proba escrita terá unha nota máxima de 9 puntos. A cualificación definitiva do parcial será a suma de ambas as dúas notas e considerárase que un alumno ou alumna superou o parcial cando esa cualificación definitiva non sexa inferior a 5 puntos.

Superará a materia pendente o alumnado que, ao considerar as súas cualificacións definitivas nos dous parciais, e realizando unha media aritmética (50% 1º parcial e 50% 2º parcial), obteña nota media non inferior a 5 puntos.

O alumnado que non logre recuperar a materia pendente nas dúas fases parciais terá unha proba escrita final o 4 de xuño de 2024 ás 16:00. Será necesario obter nela unha nota non inferior a 5 puntos.

O seguimento e avaliación deste proceso será realizado polo profesora M^a Dolores Tapia Silva.

Naqueles casos que se necesite, establecerase de acordo co Departamento de Orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana ou algún día pola tarde para solventar dúbidas e axudar a preparar calquera práctica ou contido.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para isto, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da materia cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo á semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

Os tres grupos de 2º ESO, están composto por 66 alumnos e alumnas (22-22-21) con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 15 anos. Dentro deste alumnado observamos algúns casos de NEAE: 10 .Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos. Incidirase especialmente na declamación de textos.
- Creatividade: traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: Actividades que implican creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable.
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: a través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións públicas en Nadal ou final de curso	O alumnado poderá executar as pezas traballadas en clase en actos do centro nos que sexa protagonista, ou complemento de celebracións.	X	X	
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo.			X
Paseo sonoro	Está previsto que no segundo trimestre o alumnado realice un paseo sonoro por Chapela. Un percorrido pola parroquia paralelo ao exercicio auditivo co fin de establecer unha relación consciente coa contorna para captar as variacións e riqueza acústica que esta posúe.		X	

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Mal ou Non acadado
Medidas de atención á diversidade
Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano co fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polo docente sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación do alumnado, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles axeitados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tendo en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "Avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha o cuestionario con preguntas a cubrir polo alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados